

**CONCELLO PLENO**

**ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2015/04

**CARÁCTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 11 de maio de 2015.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as dezanove horas e cincuenta minutos do día **11 de maio de 2015** réunese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D<sup>a</sup> Ana María Martínez Fernández.

D. Horacio Cupeiro Rodríguez

D<sup>a</sup> Maria Teresa González Piñeiroa.

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xavier Campos López (ausente)

**Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Valín Valdés.

D<sup>a</sup> Maria del Campo López-Braña Freije

D<sup>a</sup> Azucena González Loredó

D. José Manuel Yañez Dablanca

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

**Secretario Xeral:**

D.José A.Carro Asorey

**Interventor:**

D.Luis R.Vázquez Parga

**Tecnico de Admón.Xeral.**

D. José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

O Sr.Alcalde previamente fai entrega aos membros da Corporacion e funcionarios presentes na sesión dun libro editado pola Deputacion Provincial a instancias do Concello que leva pr título “Apuntes sobre Ribadeo”

### **1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORESORDINARIA DE DATA 23 DE MARZO DE 2015 E EXTRAORDINARIA DE 25 DE ABRILDE 2015.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

### **2.-DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2014.**

Existe un ditame da Comision Informativa de Facenda e Contas de data 7 de maio de 2015 que dí:

“Pola alcaldía sinálase que se trata da dación de conta que se levará ao Pleno, da Liquidación do Orzamento de 2014, acordándose a súa declaración de urxencia para incluír na presente sesión.

Sinálase pola Alcaldía que se remitirá vía e-mail a documentación procedente aos Sres.Concelleiros e que se levará ao Pleno próximo.”

O Interventor municipal a instancia da Alcaldía explica brevemente algunha cuestión sobre a liquidación e sen promoverse deliberación, a Corporacion, por unanimidade dáse por enterada da liquidación de referencia.

### **3.-PEPRICH (ESCRITO PORTAVOCES MUNICIPAIS SOBRE ALIÑACIÓN RÚA IBAÑEZ 27,29 E 31)**

Por Secretaría dáse conta do ditame da Comisión Informativa do pasado día 7 de maio de 2015 do seguinte tenor:

“Dáse conta do escrito suscrito polos portavoces na última reunión da Xunta de Portavoces respecto das aliñacións fixadas no PLAN ESPECIAL DE PROTECCION E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTORICO DE RIBADEO, PEPRICH.

Igualmente a Alcaldía da conta dun engadido ao texto, que se propón, elaborado polo Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernández como que quedara na Xunta de portavoces quedando a redacción do texto consensuado, en consecuencia, do seguinte xeito:

Os Concelleiros da Corporación Municipal de Ribadeo (Lugo) que asinan o presente,

**EXPOÑEN:**

Que o pasado día 16 de abril de 2015 tiveron ocasión de ver o **Plan Especial de Protección Reforma do Casco Histórico de Ribadeo-PEPRICH** actualmente en tramitación así como os informes sectoriais emitidos respecto do mesmo por diferentes Organismos

Concretamente o informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio respecto da rúa Ibañez, 27,29 e 31 no que aparece unha aliñación sobre a referida rúa cunha descrición na que textualmente se dí:

*“Páx. 6/11 do informe de data 13/02/2015:*

*III Planos de Ordenación.*

*III.02 – (.../...) Deberán revisarse as aliñacións tanto exteriores como interiores.*

*Recuperaranse as aliñacións orixinais do conxunto, como por exemplo na rúa Ibañez, 27,29 e 31 xa que hai suficiente documentación que acredita que a aliñación exterior orixinal do conxunto non é a que existe na actualidade. Moitas unidades non contan coa aliñación interior e outras propostas non son coherentes co parcelario e coas edificacións existentes.”*

A este respecto compren sinalar que este concello tivo ocasión de ver e pronunciarse sobre un expediente de **Estudio de detalle para aliñacións**, nesa mesma rúa e números, tramitado a instancia de D. Ignacio Samper Cimorra e dona Silvia Erice Calvo-Sotelo.

Sobre o mesmo o Pleno municipal, logo da tramitación pertinente, adoptou acordo con data 22 de maio de 2014 EN SENTIDO DENEGATORIO ás pretensións do referido estudio de detalle polos motivos que se sinalan no mesmo e mais concretamente no informe do técnico municipal que entre outras cuestións indicaba:

*“No caso que nos ocupa, trátase do restablecemento dunha aliñación orixinal do muro perimetral de dúas fincas.*

*Referente aos límites que teñen os estudos de detalle, hai que destacar que teñen un carácter complementario ou accesorio, non necesario e, en todo caso, dependente do planeamento de rango superior. Os estudos de detalle non poderán conter determinacións propias de Plan Xeral.*

*No que atinxe á modificación das aliñacións establecidas no planeamento superior (PXOU 1977) estas non aparecen definidas nos planos do citado planeamento e o reaxuste.*

que se pretende efectuar co estudio de detalle non pode implicar unha diminución do ancho dos viais previstos no planeamento superior, onde non aparecen definidos.

Ademais destes condicionantes, os estudos de detalle engaden un limite de natureza espacial, ao esixir que estes abranguen como mínimo: “quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas”, é dicir, o ámbito do estudio de detalle non se pode circunscribir xa ao mero tratamento dun único soar enclavado entre edificacións, senón que debe proxectarse sobre o cuarteirón completo.

Por último, hai que destacar que ao tratarse dun estudio de detalle sobre unha parcela situada no casco histórico de Ribadeo, é necesario e vinculante ter en conta o que dice a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, no seu artigo 47. Conxuntos histórico. Autorización de obras, no seo apartado primeiro, dice:

1.- En tanto non se aprobe definitivamente a normativa urbanística de protección a que se fai referencia no artigo 45.1 da presente Lei, a concesión de licencias ou a execución das xa outorgadas antes da declaración de conxunto histórico precisará resolución favorable da Consellería de Cultura. Non se admitirán modificacións ñas aliñacións e rasantes existentes, incrementos ou alteracións do volume, parcelacións nin agregacións e, en xeral, cambios que afecten á harmonía do conxunto.

Polo tanto, a vista do definido nas Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, considerase que coa documentación aportada o estudio de detalle presentado non cumpre coa Lei 9/2002 antes citada, debido a que a modificación que se propón, non está permitida nos estudos de detalle (os estudos de detalle en ningún caso poderán, reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas) e que o citado estudio non se refire a quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas, senon soamente a unha única parcela.

Asimesmo, non cumpre coa Lei 8/1995, posto que o fin que persigue a realización do presente estudio, é a modificación da aliñación existente na rúa, circunstancia que non se pode autorizar, en tanto, non se aprobe definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadeo (PEPRICH).

Por todo o exposto anteriormente, informase **DESFAVORABLEMENTE** o presente estudio de detalle.”

Así pois trátase de ser consecuente cos actos e acordos adoptados polo Pleno Municipal e xa que logo entendendo que non se dan novas circunstancias debe manterse o acordo municipal de referencia.

Compre sinalar , ademáis do antedito, que **a aliñación actual existente na rúa Ibañez a altura dos números 27, 29 e 31** ven existindo dende hai máis de 25 anos e que polo tanto a superficie que se pretende retranquear cara a rúa, forma parte desta.

Que se ven producindo unha posesión pacífica e ininterrumpida do referido terreo **como solo de dominio e uso público**, polo que se estima procedente manter esta aliñación.

Por outra banda tamén debe significarse que de producirse un retranqueo cara a rúa produciríase un estreitamento na mesma cos seguintes prexuízos para a cidadanía e o interese xeral da comunidade.

Por último chama poderosamente a atención a asunción total e absoluta da liña argumental do reclamante, sen a máis levián dúbida ou mirada de esguello como ten sucedido noutras ocasións e, dende logo, os Concelleiros desta Corporación que asinan este escrito

comezan a ater as mesmas dúbidas e inqedanzas que os propios veciños da rúa Ibañez no sentido de que a postura da Dirección Xeral ten moito que ver con asuntos onomásticos, por usar un tropo que para nada empece a verdadeiro identificación do problema formulado, que é a defensa do interese público.

Por todo o anteriormente exposto

**ACORDASE**

Que por parte da DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL se proceda a rectificar en consecuencia o referente a aliñación proposta no seu informe de 11 de febrero de 2015 respecto do PEPRICH de Ribadeo na rúa Ibañez, 27,29 e 31 tal e como se indica.Ribadeo, 24 de abril de 2015. Asinado.

**DIRECCION XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL.**

**CONSELLERIA DE CULTURA , EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA. XUNTA DE GALICIA**

**15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA, San Caetano , bloque 3-2º.**

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao texto de referencia para a súa elevación ao Pleno municipal para adopción do acordo procedente.”

Sen promoverse deliberación, a Corporación por unanimidade dos seus membros presentes (doce dos trece que compoñen a mesma) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia, transcrito anteriormente, nos propios termos do mesmo.

**4.-CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (art.46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULDORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL).DACION DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA. ROGOS E PREGUNTAS.**

Dase conta dos Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia no exercici das súas competencias entre o 4 de marzo e o 15 de abril de 2015, números 201/0001 a 2015/104 respectivamente.

Intervén en primeiro lugar o Concelleiro de UPRI Sr.Reymondez Gancedo que se refire a unha serie de decretos relativos á axudas para conciliación da vida familiar e laboral que constan con reparos da Intervención, respostandose por parte das concelleiras delegadas dos respectivos servizos sobre este asunto.

Refírese tamén o mesmo concelleiro a un decreto sobre o aboamento de cantidades en execución de sentenza do xulgado do social a unha persoa que gañou un recurso sobre un posto de traballo no Concello, concretamente dona Maria Carmen Prieto Rojo, explicando o Alcalde os pormenores deste caso.

A continuación refírese o mesmo Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo de UPRI ao Decreto 18/2015 sobre aprobación plan de orzamentos a medio prazo, informando o Interventor sobre esta resolución e a obriga legal de aprobar este plan coas previsións que se estiman para os tres anos seguintes.

Pregunta por una multa da Xunta de Galicia por unos verquidos no ría da Pedra, informando o Sr. Concelleiro delegado de Medio Ambiente sobre este asunto.

Tamén formula outra pregunta sobre unha resolución pola que se rescinde o contrato de servizos do técnico director de execución das obras da Residencia explicando o alcalde os pormenores sobre o asunto.

## **ROGOS E PREGUNTAS**

### **DO CONCELLEIRO DO PSG-PSOE**

D. Eduardo Gutierrez di que na marxe dereita da rúa Moreno Ulloa hai un montón de fitos gardabeirarrúas rotos e que aquilo se converteu nun aparcadeiro de camións; explica que do mesmo xeito que noutra ocasión dixo que no inicio da rúa da Alza houbo un fito deses de plástico, que desapareceu e non se volveu a poñer, lle parece que se á policía non lle da tempo de vixilar a zona que é mellor volver a poñer os fitos.

Indica que este é o único rogo que ten.

### **DO CONCELLEIRO DE UPRI.-**

D. Agustín Reymóndez pídlle ao partido que está no goberno que non pegue os carteis electorais nos contedores do lixo, xa que iso vai en contra da ordenanza.

O Sr. Alcalde acepta o rogo e di que se deu conta de que iso foi nunha parroquia e que estaba mal feito, que aínda que se pegou cun pouco de celo, xa o retiraron inmediatamente e se corrixeu. Recoñece que ise acto estivo mal, pero dille ao Sr. Reymóndez que ten fotos de outras campañas doutros sitios, e en concreto do seu partido.

O Sr. Reymóndez Gancedo dille ao Sr. Alcalde que él foi o que creou a ordenanza.

Os concelleiros falan e bromean sobre as fotos das campañas electorais.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que o PSOE tamén está a pegar carteis onde non se debe.

O Sr. Alcade di que eles darán exemplo.

### **DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-**

Intervén a Concelleira Sr. López-Braña Freije e di que, en relación ao tres por tres que hai ahí no cantón que non hai control e se chegan a xuntar rapaces de ata 16 e 17 anos a fumar, e que o que non van a facer os pais é de policías municipais.

Don Vicente Castro, concelleiro delegado de deportes respóndelle que ese é o debate

permanente que hai co tres por tres; que xa llo explou aos país.

A Sra. López Braña Freije pregunta que por qué non se pon un cartel que prohíba maiores de 15.

O Sr. Alcalde di que este debate lle gusta; que agora está de moda poñer opinión nas redes sociais de que no concello son moi rácanos e que soamente se poñía unhos días; aclara que se poñía os días que o técnico podía estar alí vixilando e evitando abusos do uso, distribuindo turnos, etc. Indica que a raíz da polémica que houbo porque había obras no parque e non se podía usar decidiron poñer o tres por tres, pero que agora a realidade é isa.

Don Vicente Castro di que xa lle advertiron aos pais que ía pasar isto, porque pasa sempre e que como digas algo, aínda algún pai de pode acorralar.

Indícase que se podería poñer un elemento de aviso que diga “para o uso de”.

Don Vicente Castro di que iso xa o fixeron no rocódromo e que xa lles arrincaron tres carteis.

O Sr. Alcade di que él entende que as obras do parque xa levan 15 ou 20 días.

A concelleira Sra. González Loredo di que ela non está moito por Ribadeo, pero que o hoxe viu aos operarios chegar ás 11 da mañá.

O Sr. Alcalde aclara que os luns sempre comezan a esa hora porque veñen de lonxe.

A Sra. López-Braña Freije fai outro rogo e pide a ver si se pode arranxar, de cara á próxima lexislatura, a estrada de Vilela.

O Sr. Alcalde promete que el lle vai seguir demandando iso á Deputación.

Dona Azucena González Loredo di que ela, cando chegou ao concello, tiña a ilusión de conseguir a accesibilidade.

Don Manuel Valín, Concelleiro di que el vai apuntar iso como un desexo, porque os alcaldes sempre deixaron nos caixóns as mocións que non lles interesaban, pero que da vergoña porque admáis isa foi a primeira que presentou o seu grupo e que se perdeu seis veces a documentación.

Pide que na próxima lexislatura a nova corporación convoque á Xunta de Portavoces e se acometa este tema.

Ten unha segunda cuestión, referente á árbore, da que xa se falou moitas veces, e di que quere creer que está encargada e pide que se poña antes do día 24 se é posible.



Don Horacio Cupeiro bromea e di que a vai ter que ir buscar él.

O Sr. Alcade di que acepta o rogo.

Dona Teresa González Piñeiroa, Concelleira de Asuntos sociais indica que D.Xavier Campos López, Concelleiro, lle pideu se podía ser a súa voz nese pleno e lee textualmente unha carta que el redactou, na que explica a súa ausencia aos plenos por motivos laborais e lles expresa a súa satisfacción por compartir con todos os debates e opinións relevantes para o pobo, así como o seu orgullo por pertencer á corporación e polo traballo realizado pola mesma. Tamén felicita aos portavoces da oposición e recoñece a laboura realizada e o compromiso co pobo de Eduardo Gutiérrez, destacando as cousas que aprendeu del.

O Sr. Valín Valdés, que non repetirá no próximo mandato, expresa que para el é un día alegre e triste ao mesmo tempo; en primeiro lugar pide desculpas aos políticos de todas as corporacións nas que participou dende 1991 polos enfrontamentos que houbo e di que quere que quede claro de que sempre o fixo convencido de que tiña razón, pero que o seu carácter o traizoa e as veces non o fixo de forma correcta. Reitera as súas desculpas cos políticos, di que tamén cara os funcionarios e expresa de xeito concreto as desculpas polo ocorrido no último enfrontamento co Secretario da Corporación.

Indica que nos últimos anos tivo a sorte de estar no goberno e na oposición, que o disfrutou moito e que para el é un orgullo dicir que as diferencias que tivo na súa xuventude con outros concelleiros están superadas.

Di que se sente parte da historia de Ribadeo, para ben e para mal, e que seguro que dende fora hai momentos en que da mala imaxe, pero que polo menos houbo oito anos nos que disfrutou de poder facer cousas dende o goberno; refente ao libro que se escribiu sobre Ribadeo, reitera que se sente parte da historia de Ribadeo e que ao mellor no próximo libro que se escriba aparece o seu nome.

Indica que a partir do día, ou de cando teñan as últimas sesións plenarias, todos os presentes teñen unha persoa nel coa que poden contar, sempre e cando antepoñan aos veciños aos intereses partidarios; aclara que esta lexislatura foi moi sensible nese tema e que pensa que dente tódolos grupos e ideoloxías lle deron normalidade e cercanía, xa que o equipo de goberno tivo a deferencia de contar coa oposición e que a oposición estivo á altura. Reitera que sempre que iso siga sendo así poden contar con el e que coa súa amizade tamén.

Da as grazas a todos e di que agarda volver a un pleno. Dille aos que repiten que sigan facendo o mellor por Ribadeo.

O Sr. Alcalde agradécelle as súas palabras e dalle paso a Don Eduardo Gutiérrez.

O Sr. Gutiérrez Fernández agradécelle a súa carta a o Concelleiro D. Xavier Campos e ao Sr. Valín Valdés; di que con ese ambiente tan emocionante quedaba ben facer algunha cita musical, como por exemplo o final dunha ópera de Puccini, que tamén é unha despedida.

Destaca que para él a característica máis importante da Corporación foi o consenso vivido, xa



que iso foi creando os outros ambientes, aínda que haxa discusións que son lóxicas debidas a que cada un ten a súa opinión, preferencias e alternativas.

Manifesta que a pesar de iso, para él o balance é positivo, polo que en vez de facer unha cita musical, prefire facer unha de tipo literario para rematar, coa que xa lle contesta tamén a Xavier Campos; comenta que hai un texto de Rosalía que di: “Terra fidalga é a nosa terra, tanto tan linda Deus a quixo dar, ben sabe honra facer a quen merece honra” e manifesta a súa opinión de que esta corporación merece honra.

O Sr. Alcalde agradécelle a todos as súas palabras e manifesta no seu nome e no nome dos seus compañeiros un sentimento de empatía recíproca, máis aló das diferenzas e salvedades que tivesen, que ao fin quedan en nada e non pasan ao campo persoal.

Comenta que eles chegaron á política fai algúns anos, que entraron dun xeito diferente a como están hoxe en día e indica que viviu o inicio da política con persoas das que están presente, as cales falaron moi ben aínda que sexan doura formación política, e que desa xente e de outros que non están presentes sempre tivo unha visión un pouco idílica neses primeiros momentos da transición daquelas primeiras eleccións de como lle contaron os intentos da busca do consenso para arranxar camiños e como se facían as cousas daquela.

Explica que sempre lle quedou aquilo de intentar buscar certos consensos e indica que as cousas que se fixeron no anterior mandato quizais se non se fixo foi por unha cuestión de supervivencia, por cuestións da matemática electoral o requiría, pero que non sempre se pode facer todo perfecto, pero di que sempre é mellor que opinen trece en vez de sete.

Di que non sabe o que vai pasar de aquí en diante, pero que si saben como foron as cousas ata agora e que se senten moi agradecidos; di que os que comezaron por unha ideoloxía política, co transcurso dos anos, e máis na política local, o que acaban querendo é que os seus fillos estén orgullosos deles, por enriba da cuestión ideolóxica polo que deben intentar facelo o mellor posible para ser merecedores de citas como esas.

Indica que non ten máis que dicir e volve a darlle as grazas a todos e todas e persoalmente a cada un dos presentes.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinte horas e corenta minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,  
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,  
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE,